

## TEATRO DO 36 AO 75: Exilio e Posguerra

### 1. O teatro no exilio

- O teatro galego sufriu especialmente a represión e a censura franquista, o que dificultou a creación e representación de novas obras. Debido a isto, foi na emigración e no exilio onde se mantivo viva a produción teatral en galego, destacando especialmente a actividade en Buenos Aires
- A **Compañía Maruja Villanueva**, dirixida por **Manuel D. Varela Buxán**, foi clave neste período. Estreou *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao
- Tamén en Buenos Aires traballaron autores como **Eduardo Blanco Amor**, que fundou o **Teatro Popular Galego**, e **Luís Seoane**, que ademais de dramaturgo, foi escenógrafo doutras pezas teatrais.

#### ❖ Autores e obras representativas do teatro galego no exilio e na emigración

- **Ricardo Flores Pérez**: *Catro estampas de beiramar*
- **Manuel D. Varela Buxán**: *O Ferreiro de Santán. Taberna sen dono*
- **Eduardo Blanco Amor**: *Farsas para títeres*
- **Luís Seoane**: *A soldadeira*
- **Ramón de Valenzuela**: *As bágoas do medo*
- **Isaac Díaz Pardo**: *Midas; O ángulo de pedra*

#### - MANUEL D.VARELA BUXÁN

##### ➤ Principais obras

- *O Ferreiro de Santán. Taberna sen dono*
- O seu teatro, de estilo directo e popular, mestura humor e sentimento, cunha certa crítica social. Está marcado por un **ruralismo humorístico** que tivo grande éxito entre a comunidade galega no exilio.
- **LUIS SEOANE**
- A obra teatral máis destacada de Luís Seoane é ***A soldadeira (1957)***, escrita orixinalmente en galego e posteriormente traducida ao castelán polo propio autor.
- Trátase dun **drama histórico** ambientado na primeira revolta irmandiña do século XV, con Roi Xordo como personaxe. A obra, ao recrear un episodio do pasado, funciona como unha **parábola sobre a loita contra a opresión** e a necesidade de conciencia social do pobo galego, seguindo a liña de *O Mariscal* de Cabanillas.

### 2. O teatro na posguerra

- Tras a Guerra Civil, o teatro en Galicia sufriu unha forte represión, quedando **practicamente ausente dos escenarios**. Só a partir dos anos 50 apareceron novos textos dramáticos de autores como **Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carballo Calero e Jenaro Marínhas del Valle**, aínda que poucas destas obras foron representadas.
- **Características do teatro galego na posguerra:**
  - a) **Creación pausada** da peza teatral pola non necesidade dunha estrea imediata e a falta dun público lector.
  - b) Van máis alá da propia realidade social e existencial, presentando **conflitos, situacións e personaxes universais dun mundo escuro e problemático**.

- c) **Compromiso co home da posguerra**, un home que vive coa **angustia** do presente e a desesperanza no futuro.
- d) **Creación íntima** da obra teatral onde o autor se fai as grandes interrogantes da existencia humana, **experimenta** varias linguaxes e estéticas ou expresa as súas queixas.

- **EDUARDO BLANCO AMOR**

➤ **Principais obras:**

- *Farsas para títeres* (1973)
- *Teatro pra a xente* (1974)
- *Proceso en Jacobusland* (1980)
- O volume *Farsas para títeres* inclúe seis pezas influenciadas polo **expresionismo europeo** e o **esperpento de Valle-Inclán**, con elementos de Teatro de Guiñol. Nestas obras, **o humor e o grotesco mestúranse cunha crítica á sociedade**.
- No libro *Teatro pra a xente*, Blanco Amor reuniu pequenas pezas dramáticas de carácter popular, onde destacan **o costumismo, o humor e a retranca**.
- Pola contra, *Proceso en Jacobusland* representa unha evolución na súa obra ao incorporar unha **crítica política e social** mediante o **esperpento e a caricatura**.

- **ÁLVARO CUNQUEIRO**

➤ **Principais obras:**

- A súa obra máis importante é *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, unha versión libre da traxedia de Shakespeare combinada co mito de Edipo. Hamlet descobre que ao matar o seu tío está en realidade matando o seu verdadeiro pai, vivindo un destino absurdo e trágico.
- Tamén destaca *A noite vai coma un río*, unha obra sobre a espera do amor ideal, protagonizada por dona Inés.
- Adóitase remarcar que as obras dramáticas de Cunqueiro, no seu conxunto, son textos moi literaturizados; é dicir, que son case **«narracións dialogadas»**, onde a rica prosa do autor de Mondoñedo prima sobre a propia estrutura teatral. Isto relaciónase, como xa vimos, coas poucas expectativas dos autores de ver os seus textos representados, nas primeiras décadas da ditadura.

- **RICARDO CARBALLO CALERO**

➤ **Principais obras teatrais:**

- *O fillo* (1935)

➤ **Características do seu teatro:**

- **Dous grandes enfoques:**

1. **Recreación da tradición popular galega**, como en *Farsa das zocas*, unha «farsa guiñolesca» baseada nun relato tradicional con personaxes tipo, seguindo a liña de *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao.
  2. **Influencia do teatro europeo contemporáneo**, en especial o **teatro existencialista e o teatro do absurdo**, como se ve en *Auto do prisioneiro*, obra de forte simbolismo con ecos kafkianos.
- O seu teatro destaca por **unha estrutura elaborada e unha gran variedade de conflitos humanos**, combinando o humor e a sátira coa reflexión filosófica sobre a existencia.

**Teatro existencialista:** a través dun estilo dramático tradicional e dunha linguaxe lóxica, expresa a angustia ante a ausencia de sentido na experiencia humana.

**Teatro do absurdo:** crea no argumento, nos personaxes e nos diálogos elementos chocantes coa lóxica e co convencional, co fin de reproducir directamente a falta de sentido da sociedade actual.

### 3. A Dramática Social e a Xeración dos 50

- Os autores dramáticos da posguerra, como Cunqueiro e Carballo Calero, acadaron un alto nivel literario e influíron na seguinte xeración de dramaturgos: Daniel Cortezón, Manuel María, Bernardino Graña e Xohana Torres. Este grupo é coñecido como "dramática social" ou "xeración dos 50".

#### - Características da Dramática Social:

- 1) Estes autores constitúen a primeira xeración posterior á Guerra Civil.
- 2) Cultivaron tamén con éxito outros xéneros literarios: a lírica, a narrativa, o ensaio...
- 3) O seu labor creador está condicionado por unha fonda preocupación sociopolítica. Aflora o conflito social e individual pola falta de liberdade e pola opresión.
- 4) O texto dramático, sen descoidar a súa calidade literaria, convertese no instrumento co que facer unha reconstrución crítica da realidade. É, en definitiva, un instrumento de loita e intervención sociopolítica.
- 5) Poden abordar temas moi heteroxéneos: desde a recreación histórica ata o drama psicolóxico.

#### - DANIEL CORTEZÓN

- Foi un escritor de teatro, narrativa e ensaio, especializado no drama histórico. As súas obras presentan tramas elaboradas e ben documentadas, buscando unha visión integral dos feitos históricos.
- A súa dramaturxia busca revisar a historia galega desde unha perspectiva nacionalista, para evitar o esquecemento e fomentar a conciencia histórica e social. O seu teatro é un medio de compromiso e resistencia cultural.

OBRAS MÁIS REPRESENTATIVAS	COMENTARIO
<i>Prisciliano</i> (1970) <i>Xelmírez ou a gloria de Compostela</i> (1974) <i>Os irmandiños</i> (1977) <i>Pedro Madruga</i> (1981)	Dramas históricos centrados na Galicia medieval.
<i>A diáspora</i> (1976) <i>Castelao, ou a paixón de Galiza</i> (1986-1997)	Dramas históricos centrados na Galicia contemporánea.

#### - XOHANA TORRES

##### ➤ Obras teatrais destacadas:

- *A outra banda do Íberr* (1965): aborda o drama do exilio político.
- As súas obras destacan por protagonistas femininas ben definidas e por ofrecer unha visión lírica da realidade galega desde unha perspectiva feminina, abordando tanto o ámbito social como o individual.

#### - BERNARDINO GRAÑA

- *20 mil pesos crime* (1962): drama rural con técnicas propias do cine policial (trama sabiamente construída na que xoga un importante papel a intriga ou a tensión dramática). Peza de sainete baseada nun conto do Decamerón pero trasladada a un ambiente actual.

- **MANUEL MARÍA**

- Manuel María é autor dunha copiosa obra teatral (23 pezas publicadas e 19 inéditas), composta por textos infantís, autos, farsas e dramas épicos. A súa obra teatral iníciase en 1961 coa obra *Auto do labrego*, na liña do teatro poético. A fins da década dos sesenta, Manuel María varía o rumbo, convencido da capacidade educativa do teatro e do seu valor como elemento de concienciación social, reflexionando sobre o noso pasado histórico ou pronunciándose sobre temas polémicos da actualidade: *Barriga verde* (1968)

**4. O grupo de Rivadavia**

- Desde remate dos anos 60, o teatro galego vive un gran desenvolvemento. Os lentos cambios no contexto sociopolítico propician a recuperación das actividades teatrais. Nacen así grupos como O Facho (1965), Teatro Popular Galego (1966) ou Teatro Circo (1967).
- Mais o feito de importancia capital neste desenvolvemento foi a Mostra de Teatro de Ribadavia, que se celebrou anualmente entre 1973 e 1980. A pesar dos obstáculos interpostos pola censura e da apatía das Administracións, este certame foi o gran catalizador do noso teatro nestes anos. De feito, serviría de plataforma de lanzamento para numerosos autores (Euloxio R. Ruibal, Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño...) e compañías (Teatro Circo, Histrión 70, Antroido, Troula ou Artello).
- O seu exemplo foi recollido noutras localidades que organizaron as súas propias mostras teatrais (Vigo, A Coruña, Fene, Lugo, Cariño...).

➤ **CARACTERÍSTICAS DO GRUPO DE RIBADAVIA**

- 1) Autores vinculados de forma directa á práctica teatral (actores, directores...).
- 2) Gusto polo experimentalismo e conexión coas tendencias do teatro europeo do momento (simbolismo, absurdo, farsas...).
- 3) Teatro comprometido no que se denuncia a opresión política, lingüística e cultural.
- 4) Amósase interese tamén polo teatro infantil.

- **EULOXIO RODRÍGUEZ RUIBAL**

➤ **OBRAS MÁIS REPRESENTATIVAS**

- *Maremia* (1996)

- Na produción dramática de Ruibal, sempre de ton experimental, apréciase certa evolución. Nas súas primeiras obras, *Zardigot* e *O cabodano*, crea parábolas contra a violencia e a opresión nas que con frecuencia acode á técnica da linguaxe cinematográfica.
- En *Azos de esguello* e *Unha macana de dote* (obras que comparten os mesmos personaxes) domina a comicidade e o ton satírico: a primeira é unha peza estruturada en secuencias independentes que trata a realidade da Galicia autonómica, na que os políticos son presentados de xeito crítico e irónico; a segunda retoma os mesmos personaxes, pero con forma de farsa.
- *Maremia*, unha traxedia alegórica que combina realismo e surrealismo, inicia unha nova etapa, que continúa con *O son da buguina*, obra na que recrea o asasinato de María Docampo, unha tradutora que acompañou a Castelao a Nova York, e *Minimalia*.

- **MANUEL LORENZO**

➤ **OBRAS MÁIS REPRESENTATIVAS**

- *Romería ás covas do demo* (1969)
- **Liña clásica ou mítica:** Retoma e actualiza mitos e conflitos da tradición clásica grega ou da Materia de Bretaña para representar, a través deles, a realidade de hoxe.
  - *Xoana* (1991)
  - *Erros e ferros de Pedro Madruga* (1991)
- **Liña histórica:** Noutras pezas, Lourenzo recupera determinadas figuras do pasado histórico de Galicia, como Pedro Madruga ou Xoana a Tola, e ofrece unha visión anovada deles.
  - *Veladas indecentes* (1996)
  - *Insomnes* (2004)
- **Liña do teatro inmediato:** Son pezas situadas no momento presente, nas que aflora unha dimensión fortemente inconformista e crítica coa sociedade actual: os políticos que levan a cabo privatizacións, os xornalistas e os medios de comunicación... As obras desta liña, máis numerosas, acostuman ter un carácter máis experimental e, moitas veces, xorden como base para o traballo dos actores nos centros de formación dramática dirixidos por Lourenzo.

- **ROBERTO VIDAL BOLAÑO**

➤ **OBRAS MÁIS REPRESENTATIVAS**

- *Ledaíñas pola morte do meco* (1977), *Laudamuco, señor de ningures* (1977), *Bailadela da morte ditosa* (1980), *Agasallo de sombras* (1985), *As actas escuras* (1997), *Saxo Tenor* (1993), *A ópera de a patacón* (1998)
- Vidal Bolaño amosou gran facilidade para converter en materia teatral todo tipo de temas e conflitos, ante os cales ofrecía sempre unha visión crítica e irónica, xa nas súas primeiras obras (de claro matiz antifranquista), xa nas máis actuais.
- a) **Dramaturxia popular:** Moitos dos seus primeiros textos, como *Ledaíñas pola morte do meco* ou *Laudamuco, señor de ningures*, destacan pola incorporación de personaxes e contidos propios da dramaturxia popular galega e porque tratan a inxustiza dun poder imposto e as consecuencias que este ten para as clases máis desfavorecidas.
- b) **Reinterpretación de mitos do noso pasado:** Noutras obras, céntrase na reinterpretación crítica e desmitificadora de grandes figuras e feitos do noso pasado. Isto sucede en *As actas escuras*, que aborda os aspectos máis conflictivos do descubrimento da tumba do Apóstolo Santiago; ou en *Agasallo de sombras*, centrada na figura de Rosalía de Castro.
- c) **Teatro realista e crítico:** Por último, outras obras abordan o que se deu en chamar «realismo sucio». Trátase de pezas como *Saxo Tenor* ou *A ópera de a patacón*, cunha visión aceda, crítica e retranqueira da nosa sociedade actual.
- Formalmente, caracterízase polo gusto pola experimentación estética, pola forza dramática dos diálogos e pola combinación entre a tradición dramatúrxica popular e a culta.

## INFORMACIÓN ENGADIDA:

- Serve tamén para o teatro dos 80-90.
- Unha serie de acontecementos deron pulo ao teatro:
  - Agrupación cultural “**O Galo**” que organizan a “campaña do peso” para dotar economicamente o concurso Castelao de textos teatrais.
  - **Teatro Circo** (1967): grupo de teatro independente formado na Coruña por Manuel Lourenzo que fala do “espírito da furgoneta” para facer alusión á precariedade na que viven. Obxectivos:
    - 1) Levar o teatro ao pobo.
    - 2) Romper coa diglosia escénica
    - 3) Crear unha infraestrutura que permita crear un teatro nacional.
  - En 1973 xorde a asociación cultural Abrente en Ribadavia que organiza unha mostra teatral ata o ano 80 e tamén un foro de debate. Este é sen dúbida o elemento configurador do teatro actual galego. Algúns falan xa de Xeración Abrente referíndose aos autores que se deron a coñecer neste certame e outros só de Grupo (non teñen coincidencias xeracionais). Grupo ou xeración (Manuel Lourenzo, Euloxio Rodríguez Ruibal, Vidal Bolaño) están unidos por:
    1. Posicionamento contra a ditadura
    2. Concepción polivalente da actividade teatral que os leva a combinar a faceta de escritor coa de actor e director.
    3. Dende un punto de vista temático e formal: afán por explorar novas vías.
  - Asociación cultural **O Facho** que organiza un certame nacional de teatro infantil.